

Factores que determinan a biodiversidade en Galicia


Galicia conta cunha importante biodiversidade, traducida sobre todo nunha abundancia de hábitats naturais e seminaturais (estuarios, lagoas, numerosos ríos, dunas, bosques, campiña, hábitats de montaña, fondos mariños, matogueiras, prados de sega, etc.) e isto débese, por unha parte, á grande heteroxeneidade orográfica, litolóxica, edáfica e climática, e por outra, á influencia do ser humano desde o período Neolítico.

A natureza do solo e o clima van influír de maneira determinante no tipo de vexetación, e desta vai depender a riqueza da fauna que se encontre nun lugar e o número de especies que vivan nel. Polo tanto, canto máis diversos sexan os parámetros físicos do ambiente máis diverso será este en canto á flora e á fauna que contén. Galicia presenta unha privilexiada posición xeográfica, nunha zona de transición entre a rexión eurosiberiana, dominante na nosa comunidade, e a rexión mediterránea, no sueste do territorio, o que orixina unha mestura de especies das dúas rexións bioxeográficas, ademais dos taxons endémicos da área occidental da península Ibérica. Todo isto, ligado á variada climatoloxía e á complexidade estrutural de Galicia, xera un variado mosaico de hábitats, o que se traduce na existencia dunha flora e fauna relativamente diversas.

Aínda que na actualidade existe certa información sobre algúns grupos como as aves e as plantas vasculares, noutros casos, como nos fungos, algas ou invertebrados a mesma é aínda moi escasa, polo que a realidade dá nosa diversidade biolóxica está en grande medida por descubrir. Cómpre un maior coñecemento sobre a taxonomía e a ecoloxía das nosas especies para poder definir as medidas de conservación das mesmas.

Máis información:

Os Hábitats

 **A Directiva Hábitats (92/43/CEE)** establece unha clasificación dos diferentes tipos de hábitats naturais presentes no territorio dos estados membros. Esta directiva recolle un total de 179 tipos de hábitats naturais catalogados como hábitats de interese comunitario. En España encontramos 121 tipos dos 179 hábitats identificados na Unión Europea, 58 dos cales están catalogados como hábitats de interese prioritario. Galicia conta cun total de 56 tipos de hábitats de interese comunitario, 10 deles de carácter prioritario pola dita Directiva.

A maior parte destes hábitats de interese comunitario presentes no territorio galego corresponden con hábitats costeiros e halófilos, sistemas dunares, pasteiros naturais e seminaturais e, finalmente, os bosques.

Pode dicirse que Galicia conta cun notable número de hábitats naturais dentro do contexto estatal. Estes hábitats naturais, incluídos os fondos mariños próximos á costa, acollen unha das máis ricas representacións de flora e fauna da península Ibérica.

Os organismos

Plantas vasculares

Galicia conta con arredor de 3000 taxons vexetais, aproximadamente o 28% do total peninsular. En cuestión de 15 anos vista, o número de novas citas para Galicia incrementou notablemente. Preto de 30 especies vexetais presentes en Galicia están incluídas no anexo II da DC 92/43/CEE.

Este mellor coñecemento do panorama botánico galego supón unha clara evolución non só científica, senón no eido da conservación de espazos naturais. A biodiversidade vexetal medra, e con ela as posibilidades de obter novas ferramentas de xestión de espazos de cara á súa conservación.

Novamente, a diversidade de ambientes vai determinar a aparición dunha flora diversa nun territorio que é o lugar de encontro de dous mundos botánicos diferentes aínda que complementarios: o Eurosiberiano e o Mediterráneo.

Fauna

A información sobre fauna en Galicia refírese basicamente aos vertebrados (especialmente aves, anfibios e réptiles e peixes), co que o coñecemento se atopa claramente nesgado, malia que nos últimos tempos están aparecendo novas publicacións (monografías) sobre grupos que tradicionalmente estaban máis esquecidos (insectos carábidos, lepidópteros, invertebrados mariños, etc.).

Segundo a información fornecida pola **Estratexia Galega para a Conservación e o Uso Sostible da Biodiversidade**, no noso territorio podemos atopar arredor de 563 **especies de vertebrados**, repartidas aproximadamente como segue:

- » 12 e 296 especies de peixes de augas continentais e mariños respectivamente
- » 14 especies de anfibios e 29 de réptiles
- » 152 especies de aves
- » 59 mamíferos

Entre os **invertebrados**, destacan as máis de 850 especies de moluscos (terrestres, mariños e dulceacuícolas), unha das maiores riquezas das rexistradas na península Ibérica, 72 especies de crustáceos, 577 especies de anélidos (especialmente de poliquetos), entre 8.500 e 10.000 especies de insectos e 137 especies de equinodermos.

Algúns datos sobre certos grupos animais

Ornitofauna

O número de aves nidificantes en Galicia anda polas 150 especies, aínda que esta cifra pode variar en pouco tempo dada a ocupación do noso territorio tanto por especies novas como nidificantes para Galicia ou especies que, tras un tempo de abandono, volven reproducirse na nosa terra. Tal é o caso de aves como o gaivotón (*Larus marinus*), que se atopa en expansión desde as súas áreas de cría no Reino Unido, e que en xuño de 2005 se detectou como nidificante en certas áreas costeiras de Galicia; tamén podemos falar doutras especies como o voitre branco (*Neophron pernocterus*), que en 2007 volveu criar en Galicia.

Anfibios e réptiles

En Galicia poden encontrarse ata 14 especies de anfibios (entre urodelos e anuros) e 29 de réptiles (entre quelonios, anfisbénidos, saurios e ofidios). No *Atlas y libro rojo de los anfibios y reptiles de España*, Galicia é considerada como unha zona cunha diversidade de hérpetos relativamente elevada. Das 147 áreas de interese para a herpetofauna contempladas na dita obra, 15 están presentes en Galicia, o que a coloca como unha das comunidades con maior número de áreas de interese, que acolle tanto especies mediterráneas como eurosiberianas, así como taxons cunha marcada afinidade atlántica.

Fungos

O catálogo de macromicetos de Galicia, é dicir, daquelas especies que mostran un corpo frutífero claramente observable a simple vista, é superior ás 1000 especies. Polo tanto, a diversidade de fungos en Galicia pode considerarse moi alta dentro do contexto peninsular.

Liques

Máis de 800 especies de liques.

Lepidópteros (Ropalóceros e Heteróceros)

Unhas 2.300 especies citadas en Galicia.

Outros datos de interese sobre factores abióticos en relación coa biodiversidade.

Situación xeográfica

Galicia está situada ao NW da P. Ibérica e conta cunha extensión de 29 434 km², tan só un 6% de toda a superficie do Estado. A pesar de predominar os perfís suaves, Galicia tamén conta cun sistema de serras elevadas na súa parte oriental (Os Ancares, O Courel, Pena Trevinca, etc.). Poderíamos dividir o territorio galego nunha Galicia costeira e nunha Galicia interior, que ten como límite un complexo de serras que se agrupan baixo o nome de Dorsal Galega. As serras galegas non conseguen altitudes considerables, a máxima cota está localizada en Trevinca (2124 m), polo que a presenza de biótotos alpinos en Galicia é escasa. Por outra parte, o litoral de Galicia non é homoxéneo, xa que desde a costa norte ata as Rías Baixas, as condicións xeomorfolóxicas e climatolóxicas varían notablemente.

En resumo, Galicia presenta unha importante diversidade de ambientes (litoral, montañoso, estepario, etc.), factor que vai determinar en gran medida a riqueza de especies animais e vexetais presente na nosa terra.

Climatoloxía

A climatoloxía de Galicia mostra un denominador común: un clima de tipo húmido oceánico. A pesar da clara influencia mariña, Galicia conta con ambientes climáticos contrastados. En xeral cabe dicir que mostra un clima suave, algo que se pon de manifesto polo baixo valor de amplitude térmica anual (da orde dos 11 °C no litoral e de 16 °C no interior)

A rexión eurosiberiana ocupa a maior extensión, pero non hai que esquecer a existencia dun importante ambiente mediterráneo en Galicia cunha dobre influencia. O litoral, coa benignidade climática que proporciona a proximidade do mar, permite a entrada e o desprazamento a través da costa ou cara ao interior seguindo os grandes vales fluviais de moitas especies termófilas de flora e de fauna -por exemplo plantas como a xibarda (*Ruscus aculeatus*), a sobreira (*Quercus suber*), o loureiro (*Laurus nobilis*) ou de especies animais como a papuxa cabecinegra (*Sylvia melanocephala*), a carriza dos xuncos (*Cisticola juncidis*) ou a pillara das dunas (*Charadrius alexandrinus*)-. Ademais desta influencia costeira, temos outra continental ou de meseta nas áreas lindeiras con León e Zamora e con Portugal, que inclúe as depresións ourensás do Miño e Sil, onde se conseguen os maiores niveis de mediterraneidade de Galicia, a chaira de Monforte e as serras sudorientais galegas limítrofes coa meseta e Portugal, o que supón a aparición de moitas especies ligadas a este tipo de clima. Ademais, en determinadas zonas, esta influencia climática

únese á existencia dun substrato calcario (O Courel, Lastra), o que aumenta en maior medida a xericidade do ambiente.

Polo tanto, esta contrastada climatoloxía vai condicionar a existencia dunha variada flora e fauna.